

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de setembro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP, e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1<sup>o</sup> do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de setembro de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_201809271801130000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que debido a unha avaría de carácter técnico, a gravación en vídeo non recolleu o audio da sesión ata o minuto 00:29:18, durante o debate da moción relativa á atención a mulleres con endometriose.

Así mesmo, faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2018**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:00:37

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2018.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba o citado borrador por unanimidade dos dezaoto concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión [os cinco concelleiros do PP que se relacionan: don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe; os catro concelleiros de UxC que se relacionan: don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; o concelleiro do BNG que se relaciona: don Daniel Carballada Rodríguez; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito].

## 2. PARTE RESOLUTIVA

### 2.1. Ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 1787/2018, do 10 de setembro, de aprobación do “Modificado do proxecto de reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, obra incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación provincial da Coruña

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:00:54

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de setembro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

«Con data 10 de setembro de 2018, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 1787, que consta do seguinte teor literal:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2016/C003/000006 para a adxudicación, por procedemento aberto multicriterio, da obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, cun importe de execución por contrata de 221.744,60 euros IVE incluído.

Visto que, coa data do 21 de febreiro de 2017, adxudicouse a obra á entidade “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”, no importe de **155.376,44 euros, IVE incluído**, asinándose o contrato o día 24 de febreiro de 2017.

Visto o escrito presentado polo representante da empresa adxudicataria no Concello de Cambre o día 25 de maio de 2017, rexistrado ao nº 0/4464, no que solicitaba unha ampliación no prazo de execución da obra, debido á necesidade de proceder á redacción dun proxecto modificado, debido á necesidade de resolver certas incidencias xurdidas durante a execución da obra, e que se refiren a :

- Ruído emitido pola bomba de calor prevista na instalación que estaba previsto instalar inicialmente.
- Necesidades de espazo para a súa instalación e posterior mantemento
- Aforro de consumo enerxético e, polo tanto, económico
- Cambio das luminarias fixadas no proxecto por luminarias co sistema led.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal, director da obra, don José Ramón Díaz Barbeito, coa data do 26 de maio de 2017, no que facía constar que os motivos da solicitude formulada pola adxudicataria poden dar lugar á redacción dun proxecto modificado, motivado en erros ou omisións do proxecto orixinal que non foi posible prever na súa redacción e que é necesario emendar para a correcta execución das obras, engadindo novas partidas e suprimindo outras, polo que solicitaba que se autorizase o procedemento para a realización dun proxecto modificado, e se paralizase a execución das obras.

Visto que con data do 13 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adoptou, entre outros, o acordo de autorización do inicio do expediente para a redacción dun proxecto modificado para execución da obra denominada “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, obra incluída no Plan de Aforro e Investimento ( PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña e adxudicada á entidade “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”,

Tendo en conta que o proxecto modificado foi elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, con data do 4 de abril de 2018.

Visto que consta no expediente a Acta de aprobación de prezos contradictorios asinada dixitalmente polo adxudicatario da obra con data do 31/03/2018, e máis con data 02/04/2018 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, quen foi designado director da obra e responsable do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2017.

Visto que trala redacción da modificación do proxecto deuse audiencia ao contratista, “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”, e máis ao redactor do proxecto orixinal, don Óscar Valcuende Rodríguez, constando no expediente a conformidade de ambos ao proxecto modificado, segundo escritos rexistrados de Entrada o 03/04/2018 ao nº 20189990000133 e 04/04/2018 ao nº 04/481, respectivamente, dando cumprimento con isto ao establecido na cláusula 34 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente contractual, e

no artigo 234 do Real decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector Público, de aplicación ao presente expediente por terse adjudicado o contrato antes da entrada en vigor da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, en cuia Disposición Transitoria primeira, punto 2, establécese expresamente que “Os contratos administrativos adjudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei – o que acontece no presente suposto por se adjudicar o contrato o 21 de febreiro de 2017, máis dun ano antes da entrada en vigor da actual lei contractual-, rexeiranse en canto aos seu efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior”.

Visto que, con data do 12 de abril actual, emítase informe polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que indica que o proxecto modificado **mantén o presuposto de execución por contrata igual ao do proxecto orixinal, e, polo tanto, non supón repercusión económica ningunha, e non altera as condicións da adjudicación do contrato**, e que as modificacións que presenta este proxecto respecto ao orixinal trátanse de axustes de partidas, supresión de partidas innecesarias e creación doutras novas que substitúen ás eliminadas para adaptalas á realidade existente na obra e á redución do consumo enerxético da edificación, fixándose o prazo para a súa execución en tres semanas.

Visto que o Pleno do Concello de Cambre, con data do 26 de abril de 2018, acordou aprobar o proxecto denominado “Modificado do proxecto de Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, elaborado con data do 4 de abril de 2018 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun importe de execución por contrata, trala aplicación da porcentaxe de baixa ofertada polo adjudicatario, de 155.376,44 euros (IVE incluído), e que corresponde á obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña e adjudicada á entidade “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.” no expediente nº 2016/C003/000006, sen supoñer incremento ningún respecto ao presuposto de adjudicación da obra, e dar traslado do acordo adoptado á Deputación Provincial da Coruña, para aprobación pola mesma do proxecto modificado, esto consonte establecen tanto a Base 8 das reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 2 do 05/01/2016, como na cláusula 34 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aplicable ao expediente contractual, e que foi aprobado pola Deputación Provincial da Coruña con data do 30 de decembro de 2015 (BOP 07/01/2016).

Visto que, con data do 15 de maio de 2018, emitíuse pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación un informe favorable á modificación, e que con data do 22 de maio seguinte se emite polo arquitecto municipal informe favorable ao proxecto modificado, no que consta expresamente que:

- Que o proxecto modificado refírese a cambios interiores, polo que se mantén a vixencia dos anexos IV e V enviados no seu momento.
- En base ao exposto, e dado que a actuación realizarase sobre a edificación de titularidade municipal, sen que se proxecte ningunha acción que supoña unha nova intervención en ningún tipo de chan, non é preciso autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal; polo que desde o punto de vista urbanístico, considérase viable.
- Mantense a cuantía do contrato, inferior aos 350.000 €, polo que non é necesario efectuar a súa supervisión, segundo se establece no artigo 125 do real decreto legislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- As obras proxectadas non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da edificación existente.
- O proxecto modificado, tal como xustifica o seu autor, corresponde a obras completas, susceptibles de utilización ou aproveitamento por separado, constituíndo unha unidade funcional, tal como establece o artigo 86 do Real decreto legislativo 3/2011.
- Igualmente e á vista do proxecto modificado, compróbase sobre o terreo a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, constatando a conformidade e viabilidade do proxecto.

Visto que, con data do 31 de maio de 2018, remitiuse á Deputación Provincial da Coruña a documentación precisa para a aprobación do proxecto modificado.

Tendo en conta que o documento que foi aprobado polo Pleno con data 26/04/2018 e remitido á Deputación Provincial da Coruña constitúe un documento complementario ao proxecto orixinal, que contén as modificacións a realizar, pero sen constituír por si mesmo un documento completo, polo que, con data do 23 de agosto de 2018,

elaborouse polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito un novo documento denominado "*Modificado do proxecto de reforma de local comercial para uso de oficinas municipais*", que refunde nun único documento os dous proxectos anteriores (proxecto orixinal e proxecto modificado), para a súa remisión á Deputación Provincial da Coruña.

Visto que, con data do 4 de setembro de 2018, recíbese no Concello de Cambre un requirimento da Deputación Provincial da Coruña, no que se fai constar expresamente que "*o proxecto técnico modificado ten que ser un documento completo para poder marcar como obsoleto o proxecto técnico anterior, polo que ese concello está pendente de presentar un proxecto modificado completo*", e que "*Cando a aprobación se faga por decreto da Alcaldía por tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afecten á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica este decreto deberá posteriormente subirse á plataforma SUBTEL e elevarse ao pleno do concello nos respectivos expedientes municipais sen necesidade de remitir a ratificación plenaria a esta deputación*".

Tendo en conta que o presente proxecto modificado non afecta á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica ,

Logo de ver que segundo a Resolución de Alcaldía 447 de 18 de marzo de 2016 están delegadas as competencias en materia de contratación á Xunta de Goberno Local, pero tendo en conta que desde a Corporación Provincial urxe a aprobación do proxecto modificado,

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Aprobar o proxecto denominado "*Modificado do proxecto de Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais*", asinado con data do 23 de agosto de 2018 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun importe de execución por contrata, trala aplicación da porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario, de 155.376,44 euros (IVE incluído), e que corresponde á obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña e adxudicada á entidade "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L." no expediente nº 2016/C003/000006, sen supoñer incremento ningún respecto ao presuposto de adxudicación da obra.

**Segundo:** Dar traslado do acordo adoptado e máis do documento aprobado á Deputación Provincial da Coruña, para aprobación pola mesma do proxecto modificado, esto consonte establecen tanto a Base 8 das reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña , publicadas no BOP nº 2 do 05/01/2016, como na cláusula 34 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aplicable ao expediente contractual, e que foi aprobado pola Deputación Provincial da Coruña con data do 30 de decembro de 2015 (BOP 07/01/2016).

**Terceiro:** Dar conta ao Pleno na seguinte sesión que se celebre aos efectos da súa ratificación."

Tendo en conta o disposto na citada resolución, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1787/2018, do 10 de setembro, de aprobación do "*Modificado do proxecto de reforma de local comercial para uso de oficinas municipais*", asinado con data do 23 de agosto de 2018 polo arquitecto municipal, obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, e adxudicada á empresa "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L."

**Segundo:** Dar traslado á Excm. Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de setembro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:02:52

Este punto non foi utilizado.

## **3. PARTE DECLARATIVA**

### **3.1. Declaracións institucionais**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:02:57

Este punto non foi utilizado.

### **3.2. Mocións dos grupos municipais**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:02:59

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polos grupos municipais de UxC, PSdeG-PSOE e BNG, a prol da educación no rural. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **A) Moción dos grupos municipais de UxC, PSdeG-PSOE e BNG, a prol da educación no rural**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:03:35

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, dá lectura á moción, que consta do seguinte teor literal:

“A situación actual das escolas do medio rural, nomeadamente aquelas situadas en bisbarras con menor poboación, require un posicionamento e defensa dos servizos públicos de educación no medio rural, por parte das institucións que deben xestionar as demandas e necesidades da súa veciñanza, é dicir, dos concellos.

Non está en cuestión o fundamento legal do dereito á educación, nin da igualdade de trato ou de acceso aos mesmos dereitos en calquera parte do territorio, nin tan sequera da obriga dos poderes públicos de velar polo efectivo cumprimento da lei e de corrixir os desequilibrios territoriais en base á solidariedade... aspectos todos eles recollidos na Constitución e numerosas leis de desenvolvemento do medio rural, de hábitat, da agricultura e, mesmo, de educación.

Porén, o continuo peche de escolas, a supresión de unidades e prazas, a perda de especialistas, o recorte de recursos, a inadecuación, supresión ou limitación de transporte e comedor escolar, a carencia de novos sistemas de agrupamento funcional flexibles e adaptados ao medio rural, todos eles, están provocando a desaparición do servizo público de educación no rural e consecuentemente aceleran o seu abandono e falta de alternativas.

Dende as zonas de montaña ata as zonas rurais periurbanas, o medio rural galego acubilla máis da metade da poboación galega, sexa en lugares, aldeas ou vilas rurais. Non é, por conseguinte, un problema menor, senón de grande relevancia para Galicia e para moitos concellos.

Resulta palmario que estas familias habitantes do rural teñen dende hai moitas xeracións o seu proxecto vital no medio rural e polo tanto teñen dereito a que nese contexto se lles articulen solucións de futuro.

En remate, trátase de garantir:

- Unha discriminación positiva dos centros escolares do rural para que o seu alumnado teña os mesmos dereitos que os de outras zonas.
- Unha asignación optimizada de recursos educativos, tanto materiais como docentes, de transporte e comedor escolar que sexan racionais, suficientes e adaptados que posibiliten a igualdade de dereitos.
- A primacía do dereito á educación das nenas e nenos e das súas familias sobre o criterio administrativo do número de alumnos/as.
- Unha educación que valorice os acenos identitarios do rural incentivando o apego das crianzas coa contorna da súa terra e polo tanto a súa raizame.

Con estes fundamentos, a Confederación ANPAS GALEGAS en representación da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural (que aglutina a unha diversidade de entidades do medio rural como as propias anpas, movementos de renovación pedagóxica, grupos de desenvolvemento rural, sindicatos, asociacións e colectivos ecoloxistas, veciñais, culturais e de igualdade de xénero, colexios profesionais, e profesorado de educación infantil, primaria, secundaria e universidade, entre outros), presenta para a súa discusión e aprobación no pleno municipal dese concello a seguinte MOCIÓN:

1. Que se solicite da Xunta de Galicia a elaboración e aplicación dun Plan Específico de Educación para o Medio Rural coa finalidade de dar solucións contextualizadas aos graves problemas que lle afectan.
2. Que se lle pida á Consellería de Educación a adopción dunha moratoria no peche de escolas ou supresións de unidades, servizos complementarios e recursos educativos que atinxan ao rural, en tanto non entre en vigor o Plan solicitado no punto anterior.
3. Que se lle demande á Consellería de Educación a execución, entremetres, de fórmulas de agrupamentos funcionais flexibles e adaptadas a cada zona escolar, consensuadas coa comunidade educativa, na procura de novos modelos de desenvolvemento do servizo público de educación no rural.
4. Que dende ese Concello se notifique á Consellería de Educación da Xunta de Galicia este acordo a prol da educación no rural galego e se remita copia á Confederación ANPAS GALEGAS."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo), e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polos grupos municipais de UxC, PSdeG-PSOE e BNG, sobre a atención a mulleres con endometriose. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

## **B) Moción dos grupos municipais de UxC, PSdeG-PSOE e BNG, sobre a atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza no concello**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:19:57

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, dá lectura á moción, que consta do seguinte teor literal:

“A endometriose é unha doenza inflamatoria, progresiva, estrógeno-dependente, de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero, na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios, pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode estenderse por ovarios, peritoneo, ligamentos uterosacos e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pulmóns, meninxes, etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

Adoita clasificarse a endometriose en 4 graos, segundo o nivel de infiltración do tecido, e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de infertilidade.

Segundo os estudos, a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose, das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que suporía arredor de 9.000 mulleres.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A endometriose, ademais de poder resultar incapacitante para a muller, implica en moitos casos un grave problema de infertilidade.

O atraso medio do diagnóstico é de 8 anos, e vén dado por dúas causas fundamentais:

1. O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.
2. A pouca atención que, ata o momento, o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor, e normalizando este síntoma principal da doenza.

Por todo isto a asociación *querENDO. Mulleres con endometriose* eleva ao Pleno para o seu debate e aprobación os seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** O concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Sergas e á EOXI correspondente para que proceda a:

- 1.1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).
- 1.2. Garantir consultas específicas de endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos hospitais aos que acoden as mulleres do noso concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.
- 1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxiáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

**Segundo:** O concello instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de Sanidade a:

- 2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.
- 2.2. Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

**Terceiro:** O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Ministerio de Sanidade a:

- 3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora de formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.
- 3.2. Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

**Cuarto:** O Concello comprométese a solicitar aos Institutos de Investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

**Quinto:** O concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o atraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por *querENDO. Mulleres con endometriose*, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García



Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo), e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP, para o impulso da conexión da vía Ártabra coa AP-9. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **C) Moción do grupo municipal do PP para o impulso da conexión da vía Ártabra coa AP-9**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:34:48

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 21 de setembro de 2018, e rexistrada de entrada no concello ao núm. 900/2250 o día 24 de setembro de 2018.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, dá lectura á moción, que consta do seguinte teor literal:

"A vía Ártabra é unha vía fundamental para a Área Metropolitana cuxa planificación se empezou a deseñar hai case 20 anos.

En concreto, foi en maio de 2001 cando se redactou o "Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Bergondo, Cambre, Oleiros e Sada", promovido pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

O 9 de xullo de 2001, o plan sectorial recibe a aprobación técnica por parte da Subdirección Xeral de Estradas, e o 19 de xullo de 2001 foi declarada a súa incidencia supramunicipal por parte do Consello de Xunta. Finalmente, en Resolución publicada no DOG do 31 de xullo de 2001, sométese a información pública o plan durante os dous meses seguintes a esta data.

Posteriormente foi sometido a información pública, mediante Resolución do 11 de decembro de 2003 da Dirección Xeral de Obras Públicas, e publicado no *Diario Oficial de Galicia* o 18 de decembro de 2003, o denominado "Documento complementario ao Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros (ampliado a Bergondo e Sada)."

Finalmente, con data 29 de xullo de 2004 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o denominado "Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo", que ten natureza de plan sectorial de incidencia

supramunicipal para os efectos da Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 183, do 20 de setembro de 2004), e delegou no PXOM do Concello de Cambre o trazado da conexión da vía Ártabra coa AP-9 e A-6.

En 2006 o Concello de Cambre remitiu unha proposta de trazado. Aceptouse en canto ao seu percorrido, establecendo a conexión coa AP-9 na Gándara, debido ao seu menor impacto e tras unha análise multicriterio de distintas alternativas. De acordo con isto, a Xunta de Galicia redacta e aproba (27/03/2009) un proxecto de trazado que prevé o enlace coa AP-9 na Gándara, con informe ambiental favorable.

Así mesmo, o Ministerio de Fomento, como titular da Autoestrada do Atlántico, con data 09/02/2009, informa favorablemente o "Proxecto de trazado e impacto ambiental da obra vía Ártabra: conexión coa AC-221 (polígono de Cambre)-Autoestrada do Atlántico AP-9 – Autovía A6", que propoñía a conexión desta vía de altas prestacións na autoestrada no lugar da Gándara.

No ano 2010, a Xunta de Galicia redactou un estudo de mobilidade que determinou que en primeiro lugar deberíanse priorizar as conexións da Vía Ártabra que tiveran orixe e destino na AP-9, deixando para unha fase posterior a conexión coa autovía A6, xa que tería unha maior captación de tráfico.

Nos últimos anos, o Goberno da Xunta, na súa vontade de impulsar esta vía estratéxica, puxo en servizo dous treitos da vía Ártabra (7,96 km de tronco máis 1,78 km da variante de Oleiros e un investimento de 42 millóns de euros).

Por outra banda, foi avanzando na redacción do proxecto construtivo para a conexión da vía Ártabra coa AP-9, documento técnico necesario para a licitación das obras. Este documento técnico foi informado favorablemente por parte do Ministerio de Fomento o 23 de xuño de 2017, cunha serie de condicionantes, que foron incorporados ao proxecto que foi remitido ao Ministerio novamente con data 4 de maio de 2018.

No ano 2018, os orzamentos da Xunta de Galicia prevén unha partida orzamentaria concreta e específica, duns 4 millóns, que permitiría licitar estas obras neste mesmo ano, cun investimento total de 35 millóns de euros.

Para iso resulta imprescindible contar coa autorización do Ministerio de Fomento, na medida en que a vía Ártabra entronca con dúas vías de titularidade estatal, a AP-9 e a N-VI.

A decisión do Ministerio de Fomento, que foi dada a coñecer recentemente, de condicionar a autorización do proxecto elaborado pola Xunta de Galicia á realización do seu propio estudo supón atrasar "*sine die*" a licitación e atrasar unhas obras fundamentais para a competitividade, a mobilidade e a seguridade viaria da comarca da Coruña.

A decisión do Ministerio de Fomento está motivada polas alegacións presentadas pola sociedade concesionaria da AP-9, Audasa, a ese proxecto, que consideramos en defensa dos seus propios intereses económicos.

A conexión da vía Ártabra coa AP-9 é imprescindible para o completo funcionamento desta vía de altas prestacións, polo que dende o Grupo Municipal Popular solicitamos que o Pleno da Corporación de Cambre ACORDE:

- Solicitar á Xunta de Galicia que faga todo o posible para levar adiante esta infraestrutura, desenvolvendo a que tecnicamente se considera a única opción posible de conexión coa AP-9, e mantendo para unha fase posterior a súa conexión coa autovía A-6.
- Non obstante aos trámites administrativos que corresponde realizar, solicitar ao Ministerio de Fomento vontade política para que prevaleza o interese xeral fronte ao propio interese da concesionaria Audasa neste asunto e se poida iniciar a contratación das obras proximamente."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe). Votan en contra os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). E abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona

M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo), e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP para o impulso da conexión da vía Ártabra coa AP-9.

Cando son as 21:41 horas, auséntase do salón de sesións don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG.

#### **4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

##### **4.1. Informes do equipo de goberno**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:41:22

Este punto non foi utilizado.

##### **4.2. Rogos**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:41:24

##### **Rogos de ACdC-SON presentados por escrito**

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 24 de setembro de 2018, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/2263 o día 25 de setembro de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

**1º rogo -** *Acceso á videoacta:* Minuto 01:44:28

Lee o rogo dona M<sup>a</sup> Olga Santos López.

Nun estado de abandono e totalmente lamentable atópase o soar preto da escola infantil da Galiña Azul do Temple, propiedade dunha grande empresa.

Actualmente os plumachos invaden o soar, colonizando incluso parte das beirarrúas, unha maleza espesa ocupa toda a superficie do soar, sendo un potencial refuxio para todo tipo de animais.

Sabemos que a Concellería de Urbanismo ten coñecemento das queixas dos veciños e veciñas, que manifestan a súa preocupación por esta situación tanto a través de comunicacións directas á Concellería como a través da app do concello.

Sabemos tamén que a resposta "oficial" que Urbanismo traslada aos veciños e veciñas que denuncian esta situación é a seguinte:

“Os problemas xorden á hora de reclamar ao propietario que a limpe e ao mesmo tempo non facelo con fondos públicos, que deben ser destinados a outras cuestións e non a limpar terreos privados... En caso de que non procedan, o Concello executará, subsidiariamente, a limpeza do terreo e pasarémolle o cargo.”

Salvo que a resposta que hoxe nos dean nesta sesión plenaria sexa diferente do que acabamos de transcribir, non requirimos ningunha explicación máis.

Lembrarlle a unha veciña ou veciño que a obriga non é do concello e que será executado subsidiariamente sen dar prazos nin comprometerse, é dunha falta de responsabilidade de grandes dimensións.

Os propietarios de soares non edificados sitos en núcleos urbanos están obrigados a controlar o crecemento da vexetación para que non supoña risco de incendio. Deben estar limpos e nun estado estético que non implique alteración ou deterioración da paisaxe.

Para os concellos existen mecanismos habilitados para cando isto non se cumpre. Non falamos de enviar cartas e lembrarlles as súas obrigas. Existe a posibilidade de impoñer multas coercitivas mensuais ata que sexan executados os traballos e sancións económicas importantes se non son executadas.

Por último, o Concello pode executar a limpeza subsidiariamente para posteriormente recaer o importe na propiedade.

Pregamos: Sexan tomadas con carácter inmediato as medidas coercitivas e sancionadoras posibles para que o propietario actúe na limpeza e adecuación do soar e que seguidamente se inicie o trámite da execución subsidiaria por parte do concello.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta o rogo e di que o prazo para limpar o terreo é dunha semana ou semana e media.

**2º rogo - Acceso á videoacta:** Minuto 01:49:39

Lee o rogo dona M<sup>a</sup> Olga Santos López.

Segundo información recibida en ACdC, moi elevado foi o número de escolares que de cara a este curso escolar quedaron sen praza no comedor escolar do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

Entendemos que dende a área de Educación do concello estarán ao tanto desta situación, se temos en conta que non son dous ou tres os casos, senón que son moitas as crianzas que non poderán gozar deste servizo.

O feito de non ser usuario do comedor escolar, no caso das familias que o necesitamos, supón un grave problema a resolver por verse agravada a conciliación familiar e laboral.

Esta situación é absolutamente incompatible coas indicacións do II PIOM que vimos de aprobar hai 6 meses. O Goberno municipal ten que articular as medidas necesarias para que as nais e pais do concello vexan facilitada a conciliación.

Sendo competencia esta área do PSOE, cómpre lembrar o compromiso adquirido por vostedes no seu programa electoral que dicía:

“Universalización do servizo de comedor a todos os nenos de educación infantil e primaria, con praza nos centros educativos de Cambre, ampliando o servizo a períodos de vacacións ou non lectivos.”

Pregamos que a concelleira responsable inicie todas as accións que sexan necesarias para solucionar a falta de prazas de comedor ás nenas e nenos do WFF (ou a calquera outro centro) e que de cada unha desas xestións nos faga coñecedores aos grupos municipais, así como ao CEM.

Dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira delegada dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, dá conta das actuacións realizadas e acepta o rogo.

### **3º rogo - Acceso á videoacta:** Minuto 01:57:24

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

En moitos lugares do concello observamos que nos puntos de colocación de colectores de RSU se acumulan moreas de bolsas por non ter máis capacidade o colector.

Pregamos xestionen co Consorcio das Mariñas o reforzamento de recipientes de lixo nos lugares onde existan os problemas expostos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

### **Rogo de C's presentado por escrito**

Rexistrado de entrada ao núm. 999/511 o día 24 de setembro de 2018, xunto coa pregunta presentada para este pleno.

### **Único – Acceso á videoacta:** Minuto 02:00:21

Lee o rogo dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo.

Durante os días 15 e 16 de agosto, varios turistas e visitantes se achegaron a nós para preguntar pola Oficina de Información e Turismo. Lamentablemente, ao estar o museo pechado e atoparse no seu interior o punto de información, non tiñan a onde dirixirse. Dende Ciudadanos atendémoslles en todo o que estivo na nosa man. Isto ten sucedido non só nestes días, tamén noutros domingos e festivos, que son precisamente os días de maior afluencia de visitantes.

Fomentar o turismo é desenvolvemento económico, social, comunicativo, de proxección e unha excelente imaxe do noso municipio. Cambre non pode pechar portas.

Consultada a situación coa concellería correspondente, informóusenos que isto se debía a un problema de falta de persoal. Sendo así, sempre se poden buscar alternativas, existen outras solucións que aínda que poidan ser temporais, permitan ofrecer este servizo aos nosos visitantes para non seguir danando a imaxe dun concello con tanto e tan bo que ofrecer.

Dende Ciudadanos Cambre rogamos:

O compromiso por parte do Goberno local, de estudar unha solución á maior brevidade posible, entre outras, a viabilidade de buscar un establecemento colaborador, que poida ofrecer un servizo mínimo de información mentres esta situación de peche do museo se siga mantendo.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, acepta o rogo.

### **4.3. Preguntas**

*Acceso á videoacta:* Minuto 02:03:11

### **Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito**

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 24 de setembro de 2018, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/2263 o día 25 de setembro de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

### 1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 02:03:19

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Como consecuencia de queixas recibidas por usuarias do programa Mañanceiro, dende ACdC detectamos que non semella que se estea a poñer en práctica o recollido no recentemente aprobado II Plan de igualdade do Concello de Cambre.

Atopámonos cun programa público presentado por persoal funcional do concello e pola concelleira responsable da Área de Educación.

Na dita representación non foi utilizada a linguaxe inclusiva, facendo mención constante “aos nenos” e “aos pais”.

No pleno de aprobación do II Plan de igualdade, dende ACdC celebramos esta iniciativa, pero tamén advertimos que era necesario traballar a diario no seu desenvolvemento, que non chega con poñernos todos unha camiseta negra e facer unha foto en feminino. Dixemos que o compromiso coa igualdade por parte do concello, necesariamente tiña que ir acompañado dunha asunción extra de responsabilidade e traballo.

Sabemos que existe unha carga cultural importante que todos levamos arraigada durante anos, motivo polo que é absolutamente necesaria a formación para poder incluír a dita linguaxe inclusiva nas nosas vidas.

Non é posible cambiar de xeito natural o que nos leva imposto dende que nacemos. A transición cara a unha linguaxe inclusiva, unha sensibilidade na educación sen distinción de xéneros, a eliminación progresiva de elementos de xogo nos colexios diferenciadores de xéneros, non é un proceso mecánico, senón que ten que ir acompañado de formación e información constante e diaria para inverter moitos dos nosos comportamentos.

Cómpre lembrar que Cambre foi o único concello de España, de entre 20.000 e 50.000 habitantes, ao que se lle concedeu unha subvención do “Instituto da Muller”, do “Fondo Social Europeo” e da “Federación Española de Municipios e Provincias”, para un plan integral de igualdade. Na clausura deste acto, a propia secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abellá, dicía, no acto de clausura do proxecto Anainar que *“O ámbito local, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, é o idóneo para realizar accións para garantir igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero.”*

Dentro do II PIOM, concretamente no primeiro apartado, existen unha serie de indicacións para cada área de goberno co obxecto de mellorar a gobernanza en pro da igualdade de xénero.

Gustaríanos saber cantas desas medidas se teñen adoptado por cada unha das áreas de goberno, e sería desexable que, sendo este pleno retransmitido, se fixera por cada área unha exposición do traballo realizado e das actividades encomendadas polo II PIOM para coñecemento de todas e todos os veciños.

Ademais diso, existe como unha das medidas transversais a programación dunha actividade formativa de linguaxe inclusiva a todo o persoal municipal durante o primeiro semestre do 2019, así como a creación dunha comisión de seguimento do II PIOM durante o primeiro semestre de 2018. Tamén se contempla que durante este ano se cree un espazo na web onde se integren as actividades e os resultados obtidos polo II PIOM. Outra das indicacións é que durante o 2018 se establecerá a utilización da linguaxe non sexista.

Unha vez dito todo isto, dende ACdC, co ánimo de que nos resolan a nós e a todas as veciñas e veciños as dúbidas aquí expostas, pasamos a formular a seguinte pregunta:

Cal é o motivo e a solución prevista, da non utilización dunha linguaxe inclusiva na presentación do programa Mañanceiro, na que foi utilizada, pola contra, unha linguaxe sexista, sen mencionar en ningún momento ás nais e ás nenas, incumprindo, polo tanto, calquera das indicacións do II PIOM?

Dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira delegada dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, contesta a pregunta.

**2ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 02:09:37

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Que información ten o Goberno respecto dos proxectos de soterramento dos pasos a nivel sen barreiras nas zonas das Telleiras-Noceiro e no Canal?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 02:10:18

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Cantos contratos menores ten adjudicado o Goberno dende xaneiro de 2018 e cal foi o seu importe económico?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

### **Pregunta de C's presentada por escrito**

Rexistrada de entrada ao núm. 999/511 o día 24 de setembro de 2018, xunto co rogo presentado para este pleno.

**Única – Acceso á videoacta:** Minuto 02:13:11

Lee a pregunta dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo.

O vindeiro 8 de novembro é o Día mundial da dislexia.

No pasado pleno do 30 de novembro de 2017, aprobouse unha moción de Ciudadanos Cambre sobre detección e atención a menores con dislexia.

No seu punto núm. 4 dos acordos dicía:

“Establecer anualmente, no marco do Día mundial da dislexia, actos que permitan dar visibilidade a esta diversidade cognitiva, favorecendo con iso a inclusión das persoas afectadas.”.

Por todo iso preguntamos:

A pouco máis dun mes da data, ten definido o Goberno que actos se levarán a cabo e con que medios contan para darlle a maior visibilidade posible?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.



E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral  
M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia